



CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padróns anuais, cuatrimestrais e do mes de novembro de 2023, correspondentes ás actividades socioculturais e deportivas do curso 2023/2024, por un importe total de 4 662,89€.

Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 22 de novembro de 2023.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 3706

COSPEITO

Anuncio

PUBLICIDADE DAS DECLARACIONES DE BENS E ACTIVIDADES PRESENTADAS POLOS CONCELLEIROS DO CONCELLO DE COSPEITO

En cumprimento do establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dáse publicidade á presentación das declaracións sobre bens patrimoniais e declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e actividade por parte dos concelleiros cesantes e dos concelleiros entrantes deste Concello.

CONCELLEIROS ENTRANTES QUE PRESENTARON AS DECLARACIÓNS:

D. Armando Castosa Alvariño	Data de presentación: 16/06/2023 (NÚM. REXISTRO: 11)
D.ª Natividad Miguélez Castro	Data de presentación: 16/06/2023 (NÚM. REXISTRO: 9)
D. Fernando Carreiras González	Data de presentación: 15/06/2023 (NÚM. REXISTRO: 5)
D. Iván Méndez Flores	Data de presentación: 15/06/2023 (NÚM. REXISTRO: 3)
D.ª María Elena Veiga Castro	Data de presentación: 16/06/2023 (NÚM. REXISTRO: 6)
D.ª María José Paredes Yáñez	Data de presentación: 15/06/2023 (NÚM. REXISTRO: 4)
D. José Veiga Fernández	Data de presentación: 16/06/2023 (NÚM. REXISTRO: 10)
D. Daniel Irímia Yáñez	Data de presentación: 12/06/2023 (NÚM. REXISTRO: 1)
D.ª María González Castro	Data de presentación: 16/06/2023 (NÚM. REXISTRO: 8)
D. Pablo Alvariño Vázquez	Data de presentación: 16/06/2023 (NÚM. REXISTRO: 7)
D.ª Beatriz Díaz Pérez	Data de presentación: 13/06/2023 (NÚM. REXISTRO: 2)

CONCELLEIROS CESANTES QUE PRESENTARON AS DECLARACIÓNS:

D. Armando Castosa Alvariño	Data de presentación: 16/06/2023(NÚM. REXISTRO: 11)
-----------------------------	---

D. ^a Natividad Miguélez Castro	Data de presentación: 16/06/2023(NÚM. REXISTRO: 10)
D. Álvaro Puente Seijas	Data de presentación: 14/06/2023 (NÚM. REXISTRO: 7)
D. ^a Rocío García Corbelle	Data de presentación: 14/06/2023 (NÚM. REXISTRO: 6)
D. Iván Méndez Flores	Data de presentación: 15/06/2023 (NÚM. REXISTRO: 8)
D. ^a María Elena Veiga Castro	Data de presentación: 15/06/2023 (NÚM. REXISTRO: 9)
D. ^a María Rosa Morán Luaces	Data de presentación: 14/06/2023 (NÚM. REXISTRO: 3)
D. ^a María Avelina García Alvarinho	Data de presentación: 14/06/2023 (NÚM. REXISTRO: 5)
D. ^a María Carmen Nodar Domínguez	Data de presentación: 14/06/2023(NÚM. REXISTRO: 4)
D. Daniel Irimia Yáñez	Data de presentación: 12/06/2023 (NÚM. REXISTRO: 1)
D. ^a María Yolanda García Cabana	Data de presentación: 13/06/2023 (NÚM. REXISTRO: 2)

Segundo o acordado polo Pleno do concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 25 de abril de 2011, procédese á publicidade das referidas declaracións a través de anuncio no Boletín Oficial da provincia, facendo constar que os Rexistros de Intereses atópanse á disposición de calquera cidadán na Secretaría do Concello, en horario de 09,00 a 14,00 horas, de luns a venres, sendo o réxime de acceso o establecido no parágrafo cuarto da parte dispositiva do acordo plenario:

1. Calquera cidadán a título individual ou en representación de persoa xurídica que desexe ter acceso ás declaracións, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou polos medios do artigo 38 Lei 30/1992, unha solicitude que deberá reunir os requisitos que establece o artigo 70 da devandita Lei, con indicación dos datos persoais do membro corporativo sobre cuxa declaración de actividades interésase a consulta. As solicitudes xenéricas de acceso non son admisibles.

2. Por decreto do Alcalde-presidente autorizarase o acceso sinalándose día e hora para facelo efectivo. O acceso realizase mediante comparecencia do solicitante diante da Secretaria do Concello que lle exhibirá as declaracións correspondentes. Do decreto daráselle traslado ao Concelleiro ou Concelleira interesados, para o seu coñecemento.

O réxime de silencio administrativo será o previsto polo artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común

Cospeito, 24 de novembro de 2023.- A secretaria, D.^a Ana María Rubiera Álvarez.

R. 3707

FRIOL

Anuncio

Cumprindo o disposto no art. 70 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no art. 17 do Real Decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise pública a parte dispositiva do acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o 28 de setembro do actual e o texto da ordenanza municipal reguladora dado imposto de construcións, instalación e obras que se transcribe a continuación:

2.1.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.- Dáse conta ao Pleno do Concello da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construcións, Instalación e Obras. O obxectivo que se propón coa modificación da ordenanza é contribuír ao incremento dos ingresos municipais, que hai tempo se atopan estancados. Elo non vai parello co gasto, que medrou nos últimos exercicios, por motivos varios. Os principais son os servizos que o concello presta á cidadanía, que se foron incrementando notablemente. Tamén o esforzo realizado en investimentos, tanto os realizados con cargo a fondos municipais, como os derivados das obrigas de cofinanciación impostas por outras administracións para a realización de investimentos no concello. Tamén as subidas de salarios de persoal (derivados de modificacións lexislativas) así como dos materiais e subministros. Polas razóns expostas, considérase que o concello debe proceder, en relación con este imposto ao incremento do tipo de gravame, así como á modificación do importe das bonificacións do custe da licenza de obra de calquera empresa que se instalen ou inicien a súa actividade no polígono industrial e na capitalidade do Concello, establecidas no seu día en orde a fomentar o asentamento de maior tecido empresarial, en canto medida de apoio desde a administración local, en orde a establecer o seu negocio xerando un maior movemento económico, creando postos de traballo directos e indirectos e contribuír tamén a atraer poboación, fundamental para a supervivencia dos concellos do interior. Tamén se procede, en proporción similar a modificación das bonificacións pola creación de postos de traballo no seu día aprobada. Á vista do exposto no seu día considérase que non deben suprimirse, pero si reducir o seu

importe, en orde a conxugar o obxectivo perseguido, coa necesidade de aumentar dos ingresos da administración local.

Á vista do disposto na Vixente Lexislación de Réxime Local, así como no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais), e considerando que é competencia do Pleno a aprobación da determinación dos recursos tributarios, despois do turno de intervencións ao respecto, o Pleno do Concello en votación ordinaria e por dez votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e co voto en contra da concelleira do Grupo Mixto **ACORDA:**

-A aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, segundo o texto que se transcribe a continuación, como **ANEXO**

- Que se someta ao trámite de información pública no taboleiro de anuncios, así como na sede electrónica do concello por un prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, no devandito prazo

-Que se dea conta ao Pleno do Concello das reclamacións que se presente, que se resolverán polo mesmo con carácter definitivo. No caso de non presentarse o acordo, ata entón provisional, elevarase a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario

-Que o acordo definitivo e a ordenanza fiscal se publique no Boletín Oficial da Provincia, para a súa vixencia e posible impugnación xudicial, conforme ao previsto no art. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ANEXO

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

Art. 1.- Fundamento e réxime xurídico.

1.- De conformidade co previsto no art. 100 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, constitúe o feito impositivo do imposto, a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a devandita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a súa expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello.

2.- As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

- a) Obras de construción de edificacións e instalacións de todas clases de nova planta.
- b) Obras de demolición.
- c) Obras de edificios tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.
- d) Aliñacións e rasantes.
- e) Obras de fontanería e sumidoiros.
- f) Obras de cemiterios
- g) Instalacións destinadas de xeito permanente ao servizo económico dunha vivenda ou explotación.
- h) Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza de obra urbanística ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa,

Art. 2.- Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003 (Lei Xeral Tributaria) propietarios dos inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras sempre que sexan donos das obras, e nos demais casos, considerárase contribuínte a quen ostente a condición de dono da obra (que será quen soporte os gastos ou custes da súa realización).

2.- Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen solicite as correspondentes licenzas, ou presentaren a declaración responsable ou comunicación previa, ou realicen as construcións, instalacións e obras, senón foran os propios contribuíntes.

Art. 3º.- Base impositiva, cuota e devengo.

1.- A base impositiva deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendendo por tal o custe de execución material da obra. Non forma parte en ningún caso da base impositiva, o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, nin tampouco taxas,

prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas coas construcións, instalacións e obras, nin honorarios profesionais, nin beneficio empresarial nin calquera outro concepto que non integre estritamente o custe da execución material.

2.- A cota do imposto será o resultado de aplicar a base imponible o tipo de gravame.

3.- O tipo de gravame será o 3 por 100.

4.- O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licenza, ou non se presentase a declaración responsable ou comunicación previa.

Art. 4.- Bonificacións.

De conformidade co establecido no art. 103 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, establécense sobre as cotas do imposto as seguintes bonificacións:

a) Unha bonificación a favor das construcións, instalacións e obras con sede social en Friol, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, a solicitude do suxeito pasivo, por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego.

- Pola creación de postos de traballo:

- Ata 5 postos de traballo: 10%.
- De 5 a 10 postos de traballo: 25%.
- De 10 a 15 postos de traballo: 35 %
- Máis de 15 postos de traballo: 50%
- A todas as empresas e industrias que se instalen e inicien a súa actividade no Polígono Industrial de Friol, nun período de catro anos (a contar desde a entrada en vigor da modificación da ordenanza) cunha porcentaxe do 50% do importe do imposto de construción da correspondente nave industrial. As empresas e industrias accederán á bonificación, previa aceptación dun compromiso de mantemento da actividade por un período mínimo de 2 anos, despois de finalizar a construción nun prazo máximo de 5 anos. O Concello será o encargado de velar polo cumprimento deste compromiso e reclamará a cantidade bonificada a aquelas empresas ou industrias que incumpriran as súas obrigas.

A todas as empresas e industrias que se instalen e inicien a súa actividade na capitalidade do Concello, bonificación do 50% do custe do imposto de construción en orde a fomentar o asentamento de maior tecido empresarial no Concello, considerando unha medida de apoio desde a administración local, en orde a establecer o seu negocio en Friol, xerando un maior movemento económico, creando postos de traballo directos e indirectos e contribuir tamén a atraer poboación, fundamental para a supervivencia dos concellos do interior. As empresas e industrias accederán á bonificación, previa aceptación dun compromiso de mantemento da actividade por un período mínimo de 2 anos, despois de finalizar a construción nun prazo máximo de 5 anos. O Concello será o encargado de velar polo cumprimento deste compromiso e reclamará a cantidade bonificada a aquelas empresas ou industrias que incumpriran as súas obrigas.

A declaración de interese ou utilidade municipal, aprobarase pola Xunta de Goberno, competencia que se delega na Xunta de Goberno por razóns de operatividade, xa que ten a competencia para a concesión da licenza de obra.

O importe das bonificacións non poderá exceder do 50%, polo que non serán acumulables as bonificacións pola instalación de industrias no parque empresarial, na capitalidade do concello e as que se conceden pola creación de postos de traballo.

En relación cos postos de traballo a crear:

A contratación deberá realizarse por un período mínimo de un ano, quedando obrigada a empresa a xustificar as contratacións mediante presentación das nóminas e documentos de cotización correspondentes; a xustificación deberá facerse no prazo máximo de tres anos desde a recepción da notificación do acordo de concesión da licenza.

Poderá utilizarse calquera xeito de contratación vixente na normativa laboral. Nos casos de que se opte por contratos a tempo parcial, a bonificación reducirase proporcionalmente.

Quedarán excluídos os solicitantes que reduzan o seu nivel de emprego por causas non xustificadas ante a autoridade laboral, no ano anterior á data do contrato para o que se pretende a axuda.

Non se terán en conta para a bonificación os contratos que estiveran realizados con persoas que estiveran vinculadas laboralmente á empresa no ano anterior á data do contrato para o que se pretende ter en conta, salvo os supostos de transformación en indefinidos.

Quedan excluídas as contratacións que afecten ó cónxuxe ou a familiares ata o segundo grado de parentesco de consanguinidade ou afinidade do empresario ou membros dos órganos de administración da empresa, así como os realizados con estes últimos.

Quedan excluídas desta bonificación as empresas de traballo temporal.

b) Unha bonificación do 30% a favor das construcións, instalacións ou obras referentes a vivendas de protección oficial, sempre que se produza unha creación de mais de 6 postos de traballo, debendo os mesmos cumprir cos requisitos establecidos con anterioridade.

Art. 5.- Xestión e recadación.

1.- Unha vez se presente a declaración responsable ou comunicación previa, ou se conceda a licenza preceptiva ou cando, non habéndose solicitado, concedido ou denegado aínda a licenza preceptiva, ou non se houbera presentado a declaración responsable ou comunicación previa, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base imponible:

a) En función do presuposto presentado polos interesados, sempre que o mesmo fora visado polo Colexio Oficial correspondente, cando constitúa un requisito preceptivo.

b) Noutro caso a base imponible determinarase polos técnicos municipais, de acordo co custe estimado.

2.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o custe real e efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso a base imponible a que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que lle corresponda.

3.- De conformidade coa normativa de aplicación, en canto a ordenanza reguladora establece a posibilidade de concesión de bonificacións, nas que a súa efectividade depende do ulterior cumprimento polo contribuínte de requisitos esixidos para elo polo Concello, pola administración municipal farase figurar no oportuno documento o importe de liquidación que tería que esixirse de non mediar o beneficio fiscal, o que se poderá facer constar por notas marxinais de afección nos Rexistros públicos.

Quedando a bonificación supeditada ao ulterior cumprimento de requisitos esixidos para elo, polo beneficiario da bonificación presentarase, no prazo máximo establecido, a documentación acreditativa xustificativa dos supostos polos que se concederan as bonificacións. No caso de non presentarse en prazo, pola administración municipal procederase a esixir o importe de liquidación de non mediar o beneficio fiscal, que de non satisfacerse en voluntaria, providenciarase de apremio, cos gastos derivados da execución forzosa.

Polos beneficiarios das bonificacións deberanse aceptar expresamente as condicións que veñan impostas pola ordenanza, polo acordo de concesión da bonificación, así como a normativa reguladora vixente.

4.- A inspección ou recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria, no Regulamento Xeral de Recadación, así como nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Art. 6.- Infraccións e sancións.

No relativo a cualificación das infraccións tributarias así como determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicáraselle o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

Art. 7.- Normativa de aplicación-

No que non estea previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na subsección 5ª, da sección 3ª, do capítulo II do Título II da referido Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, concordantes e complementarios da mesma e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, aprobada inicialmente polo Pleno do Concello na sesión do 28 de setembro de 2023 (en canto modificación do texto aprobado polo Pleno na sesión celebrada o 12 de decembro de 2019) entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a súa aplicación a partires do seguinte ao da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”.

O que se fai público, en cumprimento do legalmente establecido, facendo constar que contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido no art. 23 da Lei da xurisdicción contencioso administrativo, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comenzarán a contarse a partir do día seguinte ó da súa publicación no BOP. Todo elo sen perxuício da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Friol, 23 de novembro de 2023.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez.

R. 3708

Anuncio

Cumprindo o disposto no art. 70 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no art. 17 do Real Decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público na súa parte dispositiva o acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o 28 de setembro do actual e o texto da ordenanza municipal reguladora dado imposto de vehículos de tracción mecánica que se transcribe a continuación:

2.2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. O Alcalde-Presidente conforme ao disposto na Vixente Lexislación Reguladora das Bases de Réxime Local e do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propón á consideración do Pleno a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica.

O obxectivo que se propón coa modificación da ordenanza é contribuír ao incremento dos ingresos municipais, que hai tempo se atopan estancados. Elo non vai parello co gasto, que medrou nos últimos exercicios, por motivos varios. Os principais son os servizos que o concello presta á cidadanía, que se foron incrementando notablemente. Tamén o esforzo realizado en investimentos, tanto os realizados con cargo a fondos municipais, como os derivados das obrigas de cofinanciación impostas por outras administracións para a realización de investimentos no concello. Tamén as subidas de salarios de persoal (derivados de modificacións lexislativas) así como dos materiais e subministrados. Polas razóns expostas, considérase que o concello debe proceder, en relación con este imposto ao incremento do tipo de gravame. Ademais aproveítase a ocasión para actualizacións normativas do texto da ordenanza.

Á vista do disposto na Vixente Lexislación de Réxime Local, así como no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais), do informe emitido polo Secretario-Interventor, considerando que é competencia do Pleno a aprobación da determinación dos recursos tributarios, despois do turno de intervencións ao respecto o Pleno do Concello en votación ordinaria e por dez votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e co voto en contra da concelleira do Grupo Mixto **ACORDA:**

A aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, segundo o texto que se transcribe a continuación, como ANEXO

Que se someta ao trámite de información pública no taboleiro de anuncios, así como na sede electrónica do concello por un prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, no devandito prazo

Que se dea conta ao Pleno do Concello das reclamacións que se presenten, que se resolverán polo mesmo con carácter definitivo. No caso de non presentarse o acordo, ata entón provisional, elevarase a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario

Que o acordo definitivo e a ordenanza fiscal se publique no Boletín Oficial da Provincia, para a súa vixencia e posible impugnación xudicial, conforme ao previsto no art. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Art. 1.º

O pago do imposto de vehículos de tracción mecánica acreditarase:

- a) No caso de vehículos xa matriculados aptos para a circulación mediante recibos tributarios.
- b) No caso de primeiras adquisicións de vehículos, ou cando estos se reformen de xeito que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto mediante carta de pago.

Art. 2.º

1.- No caso de primeira adquisición dun vehículo ou cando estos se reformen de xeito que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a oficina xestora correspondente, no prazo de trinta días a contar desde a súa adquisición ou reformas, declaración por este imposto segundo modelo aprobado polo concello ao que se acompañarán a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das características técnicas ou o código de identificación fiscal do suxeito pasivo.

2.- Pola oficina xestora practicarase a correspondente liquidación normal ou complementaria, que será notificada individualmente aos interesados con indicación do prazo de ingreso e dos recursos procedentes.

Art. 3º

1.-No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación o pago das cuotas anuales do imposto realizarase dentro do segundo trimestre de cada exercicio.

2.- No suposo regulado no apartado anterior a recadación das correspondentes cuotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ao imposto que se atopen inscritos no correspondente Rexistro Público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.

3.- O padrón ou matrícula do imposto expoñerase ao público polo prazo de quince días hábiles, para que os lexítimos interesados poidan examinalo e no seu caso formular as reclamacións oportunas. A exposición ao público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación de cada un dos suxeitos pasivos.

Art. 4.º

O imposto esixirase de acordo coas cuotas do cadro de tarifas do art. 95. do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O cadro de tarifas poderá ser modificado pola Lei de Presupostos Xerais do Estado, sen necesidade de adaptación da ordenanza.

O Concello ao abeiro do previsto no art. 95.4 fixa no 1.25 o coeficiente de incremento das coas previstas no apartado 1 do art. 95.

Art. 5º

Os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos gozarán dunha bonificación do 100% da cuota do imposto. A antigüidade contarase a partir da data da súa fabricación, ou se esta non se coñecera, tomarase como tal a da súa primeira matriculación, no seu defecto a data na que o correspondente tipo ou variante deixou de fabricar.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada inicialmente polo Pleno do Concello na sesión do 28 de setembro de 2023 (en canto modificación do texto aprobado polo Pleno na sesión celebrada o 12 de decembro de 2001) entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a súa aplicación a partires do seguinte ao da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”.

O que se fai público, en cumprimento do legalmente establecido, facendo constar que contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido no art. 23 da Lei da xurisdicción contencioso administrativo, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comezarán a contarse a partir do día seguinte ó da súa publicación no BOP. Todo elo sen perxuício da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Friol, 23 de novembro de 2023.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez.

R. 3709

LOURENZÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. OUTUBRO 2023

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data o día de novembro de 2023, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Outubro de 2023 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de catro mil cen euros con noventa e sete céntimos de euro (4.100,97€) , tres mil setecentos euros con noventa e sete céntimos de euro (3.700,97€) correspondente a dependencia , e catrocentos euros (400,00€) son de libre concorrência.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 6 de novembro de 2023.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 3710

NAVIA DE SUARNA*Anuncio***PRESUPUESTO XERAL EJERCICIO 2024**

Na Intervención desta Entidade Local e conforme dispoñen os artigos 112 da Lei 7/85, de 2 de Abril e 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, encóntranse expostos ó público, a efectos de reclamacións, o Presupuesto Xeral e a Plantilla de Persoal para o exercicio de 2024, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 29 de novembro de 2023.

Os interesados que estén lexitimados según o disposto no artigo 170.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, citado e enumerados no número 2 de dito artigo 170, poderán presentar reclamacións con suxeición ós seguintes trámites:

a). Prazo de exposición e admisión de reclamacións: Quince días hábiles a partir do seguinte á data de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

b). Oficina de presentación: Rexistro Xeral.

c). Órgano ante o que se reclama: Concello Pleno.

Faise constar expresamente que en caso de non presentarse reclamacións, o Presupuesto considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario.

Navia de Suarna, 30 de novembro de 2023.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 3752

AS NOGAIS*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 24 de novembro de 2023, o orzamento xeral para o exercicio 2024 e documentación que se acompaña, conforme ao previsto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación integrante do mesmo polo prazo de quince (15) días desde a publicación deste anuncio no BOP de Lugo, para os que teñan a condición de interesados poidan presentar reclamacións ou alegacións. Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. De conformidade co disposto na Lei das facendas locais, o orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non presentan reclamacións.

As Nogais, 24 de novembro do 2023.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 3711

RIBADEO*Anuncio*

Resolución de Alcaldía núm. 2023-1220 do Concello de Ribadeo pola que, concluído o procedemento selectivo, noméase persoal para cubrir a praza de Administrativo desta entidade, posto número 0104 da actual RPT municipal.

Por Resolución de Alcaldía núm. 2023-1220 de data 21 de novembro de 2023, una vez concluído o proceso de selección, efectuouse o nomeamento de:

Identidade	DNI
VERONICA SUAREZ ALONSO	***5164***

Características da praza:

Servizo/Dependencia	Zona Económica/Intervención/Tesourería
Ide. Posto	0104/RPT
Denominación do posto	Administrativo Recadador
Natureza	Funcionario carreira
Nomeamento	21/11/2023
Escala	Administración Xeral
Subescala	Administrativa
Clase/Especialidade	Administrativo
Grupo/Subgrupo	C/C1

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 22 de novembro de 2023.- O ALCALDE, DANIEL VEGA PÉREZ.

R. 3712

MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUCENSE

Anuncio

CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL FIXO-INDEFINIDO DUN/UNHA TECNICO/A DE TURISMO DE APOIO PARA A EXECUCION DO PLAN DE SOSTENIBILIDADE TURISTICA NA MARIÑA LUCENSE 2023 - 2024.

Por Resolución da Presidencia do 20 de novembro de 2023 aprobanse as bases que rexerán a convocatoria do proceso de selección como persoal laboral fixo-indefinido dun/ha Técnico/a de Turismo de apoio para a execución do Plan de Sostenibilidade Turística na Mariña Lucense.

Prazo de presentación de instancias: QUINCE DÍAS NATURAIS (contan sábados, domingos nin festivos) a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio (de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeral da Mancomunidade- Rua Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros), tamén poderán presentarse a través da sede electrónica (mancomunidademarinalucense.sedelectronica.es) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Bases do proceso de selección: publicadas no Taboleiro de anuncios da sede electrónica da Mancomunidade.

Barreiros, 24 de novembro de 2024.- A PRESIDENTA, ROCIO LOPEZ GARCÍA.

R. 3713

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO*Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **10/11/2023**, acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

RIBEIRA DE PIQUIN: substituto: DON JOSÉ BENITO FERNÁNDEZ LÓPEZ. DNI 76*576Z.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 17 de novembro de 2023.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 3714